

PLENO

ACTA 2020/01 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 30/01/2020.

No salón de actos do Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa , ás 19:00 horas, coa asistencia de:

- 1 Manuel Mirás Franqueira – alcalde – (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario do Pleno o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo, asiste o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

- 1.1.-Acta da sesión ordinaria do 28/11/2019. Acta 14/2019.
- 1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 19/12/2019. Acta 15/2019.
- 1.3.-Acta da sesión extraordinaria do 19/12/2019. Acta 16/2019.

2.-Aprobar se procede rectificación anual do inventario municipal correspondente ao exercicio 2019.(Exp. 2020/X999/000005).

II PARTE DE CONTROL

PLENO

3.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1486/2019 do 22/11/2019 ata o 113/2020 do 24/01.

4.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 22/11/2019 ata o 14/01/2020.

5.-Mocións dos Grupos municipais.

6.- Rogos e preguntas.

Seguidamente o alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 28/11/2019. Acta 14/2019.

LOGO DE VER a minuta da acta 2019/14, ábrese unha quenda de intervencións.

Non hai intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP 2 de OR e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningunha (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 28/11/2019. Acta 14/2019.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 2019/14 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

PLENO

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 19/12/2019. Acta 15/2019.

LOGO DE VER a minuta da acta 2019/15, ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o seu grupo vai a votar en contra xa que esta é a sesión na que se trouxo a Conta Xeral, e se trouxo fora de prazo, polo que imos a ser consecuentes e polo tanto imos a votar en contra.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: once (6 de PSG-PSOE; 4 de PP e 1 do BNG);

Votos en contra: dous (2 OR);

Abstencións: ningunha (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 19/11/2019. Acta 15/2019.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 2019/15 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

1.3.-Acta da sesión extraordinaria do 19/12/2019. Acta 16/2019.

LOGO DE VER a minuta da acta 2019/16, ábrese unha quenda de intervencións.

Non hai intervencións

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP 2 de OR e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningunha (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 19/11/2019. Acta 16/2019.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 2019/16 ao Libro de Actas do

PLENO

Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

2.-Aprobar se procede rectificación anual do inventario municipal correspondente ao exercicio 2019.(Exp. 2020/X999/000005).

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía e previamente dictaminada pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio que di:

Logo de ver que o 31.01.2019 o pleno do Concello aprobou inicialmente a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso polo período de tempo que vai do 01.01.2018 ata o 31.12.2018. (Aprobación definitiva publicada no BOP núm 64 de 03.04.2019)

Logo de ver a providencia de Alcaldía do 03.01.2020 que ordena que se inicien os trámites previos á adopción do acordo de rectificación do inventario de bens municipais, reflectíndose no expediente as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante ao período de tempo que vai desde o 01.01.2019 ata o 31.12.2019

Logo de ver o informe favorable de Secretaria do 20.01.2020.

Tendo en conta que o artigo 33.1 do Regulamento de bens das entidades locais (RD 1372/1986, de 13 de xuño) establece que a rectificación do Inventario Municipal se verificará anualmente, reflectíndose na mesma as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos de propiedade municipal durante esa etapa.

Tendo en conta que a rectificación debe recoller as variacións ocorridas durante o ano e os erros que no foron detectados con anterioridade, sen prexuízo da revisión que poida proceder segundo os procedementos ordinarios, pois sería absurdo que unha omisión involuntaria no puidera salvarse ata o ano seguinte.

PLENO

Tendo en conta que cabe en todo momento incorporar ao Inventario novas propiedades mediante acordos puntuais sen esperar á rectificación anual. Os sistemas informáticos e un adecuado programa permiten ter ao día e reflectir as altas e baixas ao momento de producirse.

Tendo en conta que a aprobación da rectificación anual do Inventario corresponde ao Pleno da Corporación Local, de conformidade co previsto no artigo 34 do Regulamento de bens das entidades locais.

Tendo en conta que o artigo 32.1 do regulamento de bens das entidades Locais establece que unha vez se aprobe a rectificación anual do inventario, se remitirá copia do mesmo á administración do estado e da comunidade autónoma.

Tendo en conta que consonte ao establecido no artigo 9.2 do Regulamento de bens de las entidades locais, estas teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos e segundo o establecido no artigo 68.2 da lei reguladora das bases de réxime local, calquera veciño pode requirir á corporación para o exercicio das accións, podendo incluso os veciños exercitar esa acción en nome e interese da entidade local. Con ese argumento e tomando como base o establecido no artigo 83 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se considera convinte expoñer ao público o expediente de rectificación do inventario, a fin de ter unha información dos bens que se relacionan e se poidan formular alegacións que axuden a depurar no seu caso os erros ou poñan de manifesto calquera omisión ou circunstancia que sexa oportuno ter en conta.

Tendo en conta que constan as seguintes ALTAS producidas no Inventario Municipal no ano 2019:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 2 – Dereitos Reais	43.560,00 €
Epígrafe 5 - Elementos de Transporte	14.975,20 €

PLENO

TOTAL	58.535,20 €
--------------	--------------------

Se refiren de xeito mais detallado as altas:

CÓ DIG O	EPÍGRAFE 2 – DEREITOS REAIS	IM PO RT E	Obser vación s
DR2 0190 01	Arrendamento leiras ADIF: Tramo I:397/195 -397/450.Tramo II 398/800 404/340.	43.5 60,0 0 €	Contra to de arrend ament o entre ADIF e o Concel lo de Oroso no eido da Vía Verde de data 01.02. 2018
CO DIG O	EPÍGRAFE 5 - VEHICULOS	IM PO RT E	Obser vación s
FS2 0190 001	Remolque de emerxencias con nº de bastidor 424025	14.9 75,2 0 €	Acta de cesión en propie dade dun equipa mento de emerx

PLENO

CÓDIGO	EPÍGRAFE 2 – DEREITOS REAIS	IMPORTE	Observacións
			<p>encias propie dade da comun idade autóno ma de Galici a a favor do Concel lo de Oroso do 09.10. 2019.- no eido da subven cións para a adxudi cación de equipa mento de emerx encias en réxime de concor</p>

PLENO

CÓDIGO	EPÍGRAFE 2 – DEREITOS REAIS	IMPORTE	Observacións
			rencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades de concellos ou agrupación de concellos galegos

Tendo en conta que constan as seguintes BAIXAS producidas no Inventario Municipal no ano 2019:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmobles	999.983,70 €
TOTAL	999.983,70 €

De xeito mais detallado:

PLENO

CODIGO	EPÍGRAFE 1 - INMOBLES	IMPORTE	Observacións
INM2010001	Ampliación Polideportivo Municipal	999.983,70 €	Resolución de Alcaldía nº 1554/2019 do 05.12.2019 - Inclusión do ben inmueble na ficha INM60045 a cal se modifica

Tendo en conta que consta as seguintes MODIFICACIÓNS producidas no Inventario Municipal no ano 2019:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmobles, infraestruturas, Instalacións	1.170.282,02 €
TOTAL	1.170.282,02 €

De xeito mais detallado:

CÓDIGO	EPÍGRAFE 1 - INMOBLES	IMPORTE	Observacións
INM60119	Piscina Municipal	70.664,00 €	Acta de recepción do 30.05.2019 no eido expediente de contratación da obra "Ampliación da piscina municipal" (exp. contratación nº 2017/C003/000010).
INM6004	Polideportivo Municipal de	999.983,70 €	Resolución de Alcaldía nº 1554/2019 do

PLENO

5	Sigüeiro		05.12.2019
<p>Por outra banda cambiase a denominación da seguintes fichas: INM60045 pasa a denominarse “Complexo deportivo Juanito Amigo” e a ficha INM60124 pasa a denominarse “Finca do Punto Limpo de Oroso” incorporando ao valor da ficha o importe da obra executada (99.634,32 euros) no eido do expediente de contratación 2015/022.- Contrato de obras do “Punto de reciclaxe Oroso Verde”</p>			

TENDO EN CONTA as atribucións que me outorga a lexislación de réxime local proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO. APROBAR INICIALMENTE a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso e co seguinte resumo por baixas e altas:

ALTAS:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 2 – Dereitos Reais	43.560,00 €
Epígrafe 5 - Elementos de Transporte	14.975,20 €
TOTAL	58.535,20 €

BAIXAS:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmables	999.983,70 €
TOTAL	999.983,70 €

MODIFICACIÓNS:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmables, infraestruturas, Instalacións	1.170.282,02 €
TOTAL	1.170.282,02 €

PLENO

SEGUNDO. EXPOÑER o expediente ao público durante un prazo de 20 días hábiles aos efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que se poidan presentar alegacións. No caso de non presentarse aquelas, o acordo inicialmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo.

TERCEIRO. REMITIRLLE unha copia íntegra da presente rectificación á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao artigo 32.1 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.”

Ábrese unha quenda de intervencións:

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o seu grupo ve positivo que se incorpore un carrito para protección civil e igualmente que o pavillón leve o nome de Juanito Amigo e polo que respecta a Adif apoiamos a vía verde e a recuperación destes bens para o Concello. Polo que respecta á piscina non estamos dacordo porque o que se fixo foi poñer alí unha cafetería que non so da servizo á piscina e que excede das competencias do Concello xa que dentro das súas competencias non está dedicarse ao hostalaría.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen indica que se trata das altas e baixas producidas ao longo do ano, existe informe favorable da Secretaría e polo tanto non vemos problemas e imos a votar a favor.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: dúas (2 OR) adopta o seguinte acordo:

PLENO

PRIMERO. APROBAR INICIALMENTE a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso e co seguinte resumo por baixas e altas:

ALTAS:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 2 – Dereitos Reais	43.560,00 €
Epígrafe 5 - Elementos de Transporte	14.975,20 €
TOTAL	58.535,20 €

BAIXAS:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmobles	999.983,70 €
TOTAL	999.983,70 €

MODIFICACIÓNS:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmobles, infraestruturas, Instalacións	1.170.282,02 €
TOTAL	1.170.282,02 €

SEGUNDO. EXPOÑER o expediente ao público durante un prazo de 20 días hábiles aos efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que se poidan presentar alegacións. No caso de non presentarse aquelas, o acordo inicialmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo.

TERCEIRO. REMITIRLLE unha copia íntegra da presente rectificación á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao artigo 32.1 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

II PARTE DE CONTROL

3.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1486/2019 do 22/11/2019 ata o 113/2020 do 24/01.

PLENO

Dase conta por parte do Sr. Alcalde das resolucións de Alcaldía ditadas desde o derradeiro pleno ordinario e que van desde a nº 1486/2019 do 22/11/2019 ata a 113/2020 do 24/01 e que estiveron a disposición dos concelleiros desde a convocatoria desta sesión ordinaria.

4.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 22/11/2019 ata o 14/01/2020.

Dase conta por parte do Sr. Alcalde dos reparos de legalidade emitidos polo Interventor da Corporación desde o derradeiro pleno ordinario e que van desde o 22/11/2019 ata o 14/01/2020:

Nº	Data	Asunto
1	27/11/2019	Premios IV Certame traballos investigación camiño inglés
2	26/12/2019	Fiscalización facturas contrato menor
3	26/12/2019	Relación facturas 2019/32

5.-Mocións dos Grupos municipais.

5.1.-Moción presentada polo grupo Oroso Renovable referente ao Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que a mesma moción ou semellante foi presentada tamén polo grupo municipal do PP, en todo caso vaise tratar primeiro esta.

Toma a palabra D. María Teresa Cendal Iglesias (OR) quen sinala que a moción presentada pretende a derogación do imposto de plusvalía conforme ao sinalado polas últimas sentenzas.

D. Alexander Doval Expósito, sinala que a moción presentada polo PP non so pretende como sinala a sentenza que se proceda a non liquidar aqueles casos nos que a plusvalía é negativa, se non que a nosa moción vai mais alá e pretende que nos orzamentos non se inclúa unha partida de ingresos pola plusvalía para este se poida derogar.

O Sr. Alcalde considera que non se trata dun tema urxente, nin é legal acordará así a derogación pero na medida en que queremos propiciar o debate imos a votar a favor da urxencia.

PLENO

Seguidamente o Sr. Alcalde somete a urxencia da inclusión da moción na orde do día e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Seguidamente somete tamén a votación a moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a eliminación do imposto de plusvalía do orzamento 2020 e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Seguidamente toma a palabra D^a. María Teresa Cendal Iglesias (OR) quen procede a dar lectura á moción presentada:

“1.-El artículo 104 del TRLRHL (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas locales) en su apartado 1, definte el IIVTNU (Impuesto sobre el incremento del valor de los terrenos de naturaleza urbana) del siguiente modo:

“es un tributo directo que grava el incremento de valor que experimentan dichos terrenos y se ponga de manifiesto a consecuencia de la transmisión de la propiedad de los terrenos por cualquier título o de la constitución o transmisión de cualquier derecho real de goce, limitativo del dominio, sobre los referidos terrenos”.

2.-El IIVTNU (Impuesto sobre el incremento del valor de los terrenos de naturaleza urbana), comunmente conocido como “plusvalía municipal” se encuentra regulado en los artículos 104 a 110 del TRLRHL de la Ley reguladora de Haciendas locales. Se trata de un impusto municipal de carácter potestativo (esto es, que unicamente resulta exigible en los municipios que hayan acordado establecerlo en su municipio mediante la aprobación de la correspondiente ordenanza fiscal).

3.-El artículo 104.1 del TRLRHL de la Ley reguladora de las Haciendas locales establece que el hecho imponible grava el crecimiento del valor que experimentan dichos terrenos y se ponaga de manifiesto a consecuencia de la transmisión de la propiedad por cualquier título. El objeto de gravemen es el incremento de valor, hecho imponible.

PLENO

4.-La determinación de la bases imponible, el artículo 107 establece una fórmula de cálculo objetiva, que no tiene en cuenta el incremento del valor real, sino el valor catastral del terreno en el momento de la transmisión. Es decir, la base imponible está constituida por el incremento de valor de los terrenos, puesto de manifiesto en el momento del devengo experimentado a lo largo de un período de 20 años como máximo.

Sobre éste valor se aplicará el porcentaje anual que determine cada ayuntamiento, sin que pueda exceder los límites siguientes:

- a) Período de una hasta cinco años: 3,7.
- b) Período de hasta 10 años: 3,5
- c) Período de hasta 15 años: 3,2
- d) Período de hasta 20 años: 3.

El porcentaje a aplicar sobre el valor del terreno en el momento del devengo será el resultante de multiplicar el porcentaje anual aplicable en cada caso concreto por el número de años a lo largo de los cuales se haya puesto de manifiesto el incremento del valor.

Como puede observarse, la fórmula de cálculo no tiene en cuenta el incremento real del valor del terreno, sino el catastral del bien en el momento de la transmisión, lo que dará lugar a una plusvalía estimada, una fórmula que arroja siempre un resultado positivo, a diferencia de lo que ocurriría si se partiese del valor de mercado.

5.-El artículo 31 de la CE dispone que “todos contribuirán al sostenimiento de los gastos públicos de acuerdo con su capacidad económica. El principio de capacidad económica es exigible y debe interpretarse especialmente como el principio de justicia en el gasto público.

Lo cierto es, que como consecuencia del inicio del boom inmobiliario y de la crisis financiera, cuyo inicio podemos situar en España en el año 2008 donde se produjo la caída generalizada de los precios a consecuencia del desplome del mercado inmobiliario. Ello llevó aparejado que, incluso en los casos de transmisiones con pérdidas (donde el valor de transmisión era inferior al valor de adquisición), más que habituales en aquella época, se siguiera aplicando el IIVTNU (PLUSVALÍA) como impuesto que grava los incrementos de patrimonio puestos de manifiesto.

La contraposición de este impuesto con el principio de capacidad económica.

6.-La Sentencia del Tribunal Constitucional 59/2017, de 17 de mayo, que tiene como precedentes las Sentencias del Tribunal Constitucional 16/2017 de 2 de febrero, y 37/2017 de 1 de marzo, puso de manifiesto la inconstitucionalidad del IIVTNU (Impuesto sobre el incremento del valor de los terrenos de naturaleza urbana) de la que se deriva la necesidad de modificarlo. De acuerdo con dicha sentencia, con la

PLENO

actual regulación, se someten a gravamen situaciones en las que no se produce incremento del valor de los terrenos, dado que al calcular el importe de la cuota que ha de abonar el contribuyente NO TOMA en consideración el aumento real. Resulta, en consecuencia, necesario llevar a cabo “las modificaciones o adaptaciones pertinentes en el régimen legal del impuesto que permitan arbitrar el modo de no someter a tributación las situaciones de inexistencia de incremento de valor de los terrenos de naturaleza urbana.”

De este modo, el fallo estima parcialmente la cuestión de inconstitucionalidad planteada por el Juzgado de lo Contencioso Administrativo número 3 de San Sebastián, en relación con varios artículos de la Norma Foral 167/1989, de 5 de julio. La estimación es parcial porque el TC no anula el impuesto, sólo se pronuncia en contra de su aplicación automática, y sin admitir prueba en contrario, en los casos en que no haya tenido lugar un incremento de valor susceptible de gravamen al momento de la transmisión de un terreno por el solo hecho de haberlo mantenido el titular en su patrimonio durante un intervalo temporal.

7.-Más recientemente, el pasado 31 de Octubre el Tribunal Constitucional en Sentencia 1020/2019 promovida por el juzgado de lo Contencioso administrativo núm 32 de Madrid, ha estimado declarar el art. 107 de texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 272004, de 5 de marzo, es inconstitucional por vulnerar el principio de capacidad económica y la prohibición de confiscatoriedad consagrados en el artículo 31 CE.

A la espera de que el LEGISLADOR cumple con su cometido dado que a fecha de hoy han transcurrido más de dos años desde la publicación de la STC 59/2017 de 11 de mayo sin que haya acomodado el impuesto a las exigencias constitucionales. Donde el principio de seguridad jurídica (art. 9.3 CE) exige no solo la claridad y la certeza sobre el ordenamiento jurídico aplicable, sino también la legítima confianza y la previsibilidad en sus efectos.

Por todo ello el grupo municipal Oroso Renovable, solicita al Pleno:

ACUERDO:

Que se vote favorablemente la suspensión de la aplicación del impuesto de las plusvalías derivado de la sentencia del 31 de octubre de 2019.”

A continuación toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quien afirma que o seu grupo está de acordo no que sinala a moción presentada por Oroso Renovable pero vai mais alá, porque este afectaría ao que sinala a sentenza isto é, so a aqueles casos nos que non houbera ganancia patrimonial pero non a herdanzas ou doazóns.

PLENO

Polo que nos o que pedimos é que se elimine do orzamento a partida de ingresos procedente da plusvalía e que se proceda a derrogar este tributo no Concello.

O Sr. Alcalde afirma que D^a. María Teresa Cendal Iglesias non lles dixo nada novo na súa moción, xa que todo iso xa era coñecido, o que non se pode é xogar coa estabilidade orzamentaria do Concello, o que terían que dicir sería que servizos queren que saquemos á cidadanía ou pola contra que impostos queren que subamos para manter o equilibrio económico. A presión fiscal deste concello é moi baixa en comparación con outros concellos limítrofes. Por exemplo en contribución urbana e en rústica tamén temos o 0,45 e Ordes ten o 0,50, Santiago 0,48. Se falamos de vehículos Oroso o 1,3, Ordes o 1,4, Santiago o 1,75. Na taxa de lixo de Ordes cobran 72,52 urbano parecido a Oroso que pagan 72,25 e no rural 47,10 e en Ordes pagan 51,24. En Cerceda 67,22 recollendo dous días. En Frades no rural 64, en Teo 68 en rural e 47 en urbana. En algún destes concellos cunha taxa superior á nosa en 2000 vivendas a diferenza sería moito mais grande do que recadamos pola plusvalía. O que vostedes propoñen é manifestamente ilegal. Ninguén reclamou porque vendera por baixo do valor catastral. O valor catastral está entre o 35% do valor de mercado. So existen na provincia dez concellos que teñan unha presión fiscal mais baixa que nos. Repite que o que deberían facer sería traer unha proposta na que digan que servizos quitaría ou que impostos aumentarían para manter o orzamento equilibrado si quitamos a plusvalía.

Intervén D^a. María Teresa Cendal Iglesias (OR) quen, dirixíndose ao Sr. Alcalde, di que lle corrixia si se equivoca, pero a plusvalía aprobouse no ano 2002-2003, e que xa nesos anos se tiñan mais ou menos os servizos que agora temos, polo que quereda saber que servizos a maiores se comezaron a prestar, cales son aqueles servizos a maiores que temos?.

O Sr. Alclade responde que se saben cando se debía no Concello cando el chegou á Alcaldía...75 millóns de pesetas dos que 32 millóns se debían a Fenosa. Non mido os servizos que poidan ter outros concellos, pero si pode dicir que o noso concello ten todos os servizos e outros concellos non e con impostos mais altos.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que o Sr. Alcalde pregunta polos servizos que se queren eliminar, se trata de 170.000 euros que se poden baixar doutras partidas, pero traeremos unha proposta. O 11 de xaneiro saíu na Voz de Galicia un estudo do

PLENO

IBI e Oroso estaba por riba dos 200 euros e moitos concellos estaban por baixo. Gustaríalle preguntarlle ao Sr. Alcalde se o imposto da plusvalía lle parece xusto. Se lle parece xusto que falezca alguén e que lle chegue un recibo abultado, moitas veces por propiedades no rural. Ou en terreos urbanos pero onde pasa unha liña de alta tensión ou é unha braña. Afirma que solicitaron os expedientes de plusvalía do concello e non se nos concedeu o acceso. O Sr. Alcalde di que ninguén protestou pero ao mellor non presentaron un escrito pero a xente protesta. Non é un imposto xusto. Creouse para gravar a especulación pero certo é que coa crise demonizouse.

O Sr. Alcalde pídelle ao Sr. Doval que non poña palabra na súa boca que non dixo, non dixo que ninguén protestara, se non que ninguén presentou documentación que acreditase que perdeu valor. Os valores catastrais os fai o Estado non o Concello de Oroso. Cando este concello o gobernaba o PP cortaron a luz porque se debían 75 millóns de pesetas e 32 millóns a Fenosa, isa é a realidade e non queremos que volva.

Toma a palabra o Sr. Interventor quen afirma que para a derogación dunha ordenanza o que en definitiva se está a pedir nestas mocións sería necesario tramitar o correspondente expediente con exposición pública, informes etc...non sendo posible adoptar un acordo así sen mais.

O Sr. Alcalde dalle a palabra a D. Alexander Doval Expósito (PP), intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que entón tamén ten dereito a intervir D^a. María Teresa Cendal Iglesias.

O Sr. Alcalde responde que o Sr. Mirás Pulleiro non se entera de nada e non ten nin idea. Ten que defender a súa moción o Sr. Doval e posteriormente haberá turno de palabra para todos.

D. Alexander Doval Expósito (PP) pregunta sen non se pode manter un debate sen insultar.

O Sr. Alcalde respóndelle que iso debería dicirllo á súa familia que viñeron a montala o día da toma de posesión.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que logo desas palabras o seu grupo non se va do salón de plenos porque teñen moitas cousas presentadas pero que non son as formas de dirixirse a ninguén as que está a ter a Alcaldía. Afirma que o que solicita a súa moción é que non se inclúan nos orzamentos a partida correspondente aos ingresos desta

PLENO

plusvalía xa que nos parece un tributo inxusto. Solicitamos que non se inclúan nos orzamentos do ano 2020. Consideramos que é perfectamente posible non incluír un ingreso de 140.000 euros nun orzamento de 7.000.000 de euros. Cerceda xa o derogou, polo que somos o único concello da comarca que o mantén. Di o Sr. Alcalde que as propiedades non baixaron pero en Oroso debe ser o único concello onde non baixaron. No caso de herdanzas Betanzos e Melide por exemplo teñen unha bonificación do 95%.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que el non dixo que o valor das propiedades non baixara, se non que o valor das vivendas o fai catastro e que lle da mais valor a unha vivenda de hai 10 anos que a unha de 40 anos, e que as vivendas en Oroso son maioritariamente novas en comparación con outros concellos.

Finalmente o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada por Oroso Renovable, e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: seis (4 do PP e 2 de OR).

Votos en contra: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: ningunha (0 votos) non aproba a moción.

Seguidamente e antes de proceder a someter a votación a moción presentada polo PP, pide a palabra o Sr. Interventor, quen considera que neste caso o órgano competente para formar o orzamento é o Sr. Alcalde non o pleno, polo que non se pode obrigar polo Pleno a que o Sr. Alcalde forme o orzamento dunha determinada maneira, polo que propón que esta moción ou se reitere ou quede sobre a mesa para ser refeita.

Finalmente o Sr. Alcalde somete a votación que a moción presentada polo PP quede enriba da mesa e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP, 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstención: ningunha (0 votos) aproba deixar a moción presentada polo PP enriba da mesa.

5.2.-Moción presentada por Oroso Renovable relativa a que s dote dunha quinta praza de facultativo en ampliar a franxa horaria do centro de saúde.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que

PLENO

o seu grupo considera que é preciso dotar dun quinto facultativo no Concello de Oroso xa que non está axustado a día de hoxe ao cupo médico, de ahí a necesidade de traer esta moción.

Intervén D^a. Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE) quen sinala que desde o goberno estamos plenamente dacordo que os catro que hai están saturados, igual que fan outros, este goberno reuniuse coa xente do centro médico e podemos anunciar que no mes de maio se contará co quinto facultativo, polo que non entendemos que sexa necesaria esta moción xa que xa existe o compromiso de dotar dun quinto facultativo.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que o seu grupo vai a votar a favor da urxencia como sempre fan.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: seis (4 do PP e 2 de OR).

Votos en contra: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: ningunha (0 votos) non aproba a urxencia da moción polo que non pasa a debaterse a mesma.

5.3.-Moción presentada por Oroso Renovable para a creación dun centro de día en Oroso.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen comeza afirmando que a ver se no mes de maio realmente se conta co quinto facultativo pero desde logo non será polo traballo feito polo goberno municipal.

Continúa sinalando que o concello de Oroso necesita dun centro de día para a asistencia nos nosos maiores de ahí que Oroso Renovable presente esta moción.

Intervén D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen propón facer unha moción conxunta para solicitar á Xunta de Galicia que proceda a crear un centro de día.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que na moción que presentamos xa se inclúe que se lle dea traslado á Xunta de Galicia.

D^a Isabel Fernández Gallego (BNG) replica que considera como mellor fórmula que se retire esta moción e se traballe na presentación dunha moción conxunta na que se solicite á Xunta de Galicia a creación dun centro de día. Considera que é mellor facela en común.

PLENO

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que a moción xa está redactada e presentada, e invita a D^a. Isabel Fernández Gallego ou a calquera outro grupo que se queren se poidan adherir.

O Sr. Alcalde intervén para sinalar que o seu grupo non está dacordo con algunhas cuestións da exposición de motivos por iso propoñemos que se traballe nunha proposta conxunta de todos os grupos e se poida traer para o próximo pleno.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que eles presentaron a proposta e que non sabe por qué lles molesta tanto que tomaran a iniciativa neste tema, o que se ten que facer é falar de Oroso e non de mocións xerais que non falan do noso pobo. Falen vostedes de Oroso.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que todos os grupos o temos recollido no noso programa, por iso propoñemos unha proposta conxunta.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que é difícil facer unha proposta conxunta cando o Alcalde ten un plan de pensións de 150.000 euros, se non queredes apoiála non a votedes, pero non imos retirar a proposta.

Intervén o Sr. Alcalde para afirmar que ten un plan de pensións porque o traballou e somete a urxencia do asunto a votación e o Pleno por:

Votos a favor: seis (4 do PP e 2 de OR).

Votos en contra: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG) non aproba a urxencia da moción en non pasa a debaterse.

5.4.-Moción presentada polo BNG para a mellora da sanidade pública.

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que cremos que é necesario reivindicar a situación de Verín.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que se van a abster xa que se trata dunha cuestión que non afecta a Oroso.

O Sr. Alcalde somete a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

PLENO

Abstencións: dúas (2 OR) aproba a urxencia da moción.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) da lectura á moción: “A Corporación municipal do Concello de Oroso está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feixóo, baseada nos recortes de recursos e orzamento, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na pecharización e explotación do persoal, recorte das camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

Estas políticas levan á sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todos.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Cremos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Os municipios da Área Sanitaria necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

Segundo: Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

Terceiro: Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

Cuarto: Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa

PLENO

manipulación.

Quinto: paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

Sexto: Acabar coa política de privatización de recursos e de derivar pacientes ás clínicas privadas de xeito innecesario.

Sétimo. Acabar coa política de persoas dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

Oitavo: Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

Noveno: Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde as necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos de persoal necesario para garantir unha atención accesible e de calidade.

Comunicar a presente moción da Comporación Municipal do Concello de Oroso á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.”

Finalizada a lectura D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que esta non se trata dunha moción do paritorio de Verín, se non que nos temos un hospital que pecha prantas e que recorta en camas e na nosa área sanitaria de Santiago.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que isto parece xa o Parlamento de Galicia, se trata dunha moción que non fala de Oroso, e o servizo de pediatría do Concello de Oroso polo que nos sabemos está perfectamente cuberto, polo que non lle vemos moito obxecto á moción.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que lle chirría bastante a exposición de motivos da moción, xa que fala da situación da sanidade no noso concello cando veñen de non deixar debater unha moción que precisamente trataba dun tema de sanidade do noso Concello. O paritorio de Verín ten que estar aberto, si, pero con todas as garantías. SOS Sanidade Pública non é unha plataforma independente se non que está vinculada a dous partidos políticos. Afirma que a el lle da igual onde lle operen, nun centro público ou non centro privado mentres lle operen. O bipartito tiña os mesmos concertos cos hospitais privados. En canto ao aumento de persoal se acaba de sacar unha oferta e en canto a xente de incorporación inmediata é a lista de P.U.L que é para iso para esas urxencias e a xente que está nesas listas xa sabe que lle poden chamar de urxencia. Por todo iso non imos apoiar esta moción.

D^a. Isabel Fernández González (BNG) afirma que lle fai graza que

PLENO

digan que se trata dunha moción que non nos afecta, cando no clínico se pode estar esperando unha cita 6 meses, 8 meses ou un ano. Cando se fala do persoal sanitario non so estamos a falar dos médicos, se non doutro persoal sanitario que non pode ser que pareza ben que se lles contrate para un día e así ao longo de anos. En canto á referencia da saúde da muller a OMS ten un tema con ese nome.

D. José Manuel Mirás Puelleiro (OR) Afirma que o seu grupo non vai a intervir xa que se trata dunha cuestión que afecta aos grandes partidos e non de Orosó.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que a lista de médicos non é que lle pareza mal ou ben, simplemente é unha lista que existe que efectivamente require unha gran dispoñibilidade e a xente que está inscrita na mesma xa o sabe.

O Sr. Alcalde afirma que lle sorprende que D. José Manuel Mirás Pulleiro afirme que esta moción non lle afecta, porque vai a o PAC ou ao CHUS e ve como están as urxencias e os nosos veciños son usuarios destes centros, o tempo que tadan en atendelo un especialista. Igualmente afirma que lle sorprende que D. Alexander Doval Expósito afirme que lle da igual onde o operen, xa que non é a primeira vez que en medio dunha operación teñen que arrancar cara ao Clínico. Fala igualmene que o paritorio ten que ter garantías, pero se o pechan non é garantía para ninguén. Afirma que sabe dunha pediatra que tivo que marchar para deixar o sitio a unha sobriña dalguén.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alclade da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: catro (4 do PP)

Abstencións: dúas (2 de OR) adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

Segundo: Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

Terceiro: Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

PLENO

Cuarto: Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, ciruxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

Quinto: paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

Sexto: Acabar coa política de privatización de recursos e de derivar pacientes ás clínicas privadas de xeito innecesario.

Sétimo. Acabar coa política de persoas dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

Oitavo: Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

Noveno: Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde as necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos de persoal necesario para garantir unha atención accesible e de calidade.

Comunicar a presente moción da Corporación Municipal do Concello de Oroso á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido

5.5.-Moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular para instar ao goberno central a aboar a débeda con Galicia.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que volve a ser o mesmo que a moción anterior, entendemos que esta é unha cuestión que se refire á política nacional e que nos somos un grupo local.

Non existindo máis intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos),

Abstencións: dúas (2 OR), aproba a urxencia da moción.

Seguidamente D. Alexander Doval Expósito (PP) procede a dar

PLENO

lectura á moción que afirma:

“A día de hoxe o goberno central segue a reter a liquidación dunha mensuralidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que “tocaba en el año 2019” e que “ya se perdió esa oportunidade de poder resarcir”, culpando aos partidos políticos de que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.

Esta explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destináranse á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que enedebedarse e retrasar pagamentos. E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación. Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos que se adopte o seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do imposto sobre o valor engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de información inmediata.

Segundo: Declara o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos

PLENO

polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

Terceiro: Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia.”

Continúa sinalando D. Alexander Doval Expósito, que a Ministra cando estaba en campaña e no ano de interinidade dixo que non se podía facer nese intre a transferencia, posteriormente fixo unha transferencia parcial e agora di que non se pode facer porque se tiña que ter feito antes, o ano pasado. O PSOE cambia de opinión nesta tema segundo a comunidade autónoma de que se trate e no caso do BNG descoñecemos cal é a súa posición respecto disto. A única opción que teñen é a de pagar e por iso presentamos esta moción para que cumpran o acordado.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro quen afirma que o seu grupo non lle vai pedir nada á Xunta de Galicia neste tema en todo caso poderá instarlle ao goberno do Estado que aboen este concepto e que proceda a convocar o Consello para aclarar varios conceptos xa que este problema foi creado polo Ministro Montoro e no seu día Feijoo non dixo nada. Neste sentido o noso grupo non quere que se poña que se apoia á Xunta se non que se insta ao Goberno e que se convoque ao Consello con todos os conselleiros de economía.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que se trata dunha reivindicación que o BNG leva facendo desde hai anos.

D. Alexander Doval Expósito (PP) Afirma que non pode levar anos facendo tal reivindicación si se trata do ive do ano pasado.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) pide que se retire do acordo a exposición de motivos e que se modifique o acordo de tal xeito que non poña o de apoio á Xunta de Goberno e que se inste directamente ao goberno a que proceda a cumprir co pago.

D. Alexander Doval Expósito (PP) manifesta que están dacordo en que se vote con esa redacción do acordo.

O Sr. Alcalde sinala que esá ben que se acepte o cambio de redacción proposto pero quere incidir de novo que este problema foi creado polo Ministro Montoro e que se lle debería recordar a Feijoo que lle debe a Xunta 750 millóns aos concellos e que igualmente a Xunta aproba as subvencións en Agosto e se conceden en setembro ou outubro para que se teñan xustificadas en decembro, polo que é imposible cumprir

PLENO

en tempo, polo que non queda mais remedio ou renunciar as subvencións ou cometer irregularidades. As subvencións deberían ser pasadas ao fondo de Cooperación Local e sen embargo hai cousas como a loita contra a velutina que se están a sacar deste fondo de cooperación local. Pese a todo isto estou dacordo en que se devolva o IVE.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que poden facer unha moción pedindo á Xunta que pague todo iso e nos votaremos a favor.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción cos cambios aceptados a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións : dúas (2 OR) dopta o seguinte acordo:

Primeiro: Instar ao Goberno de España para que ingrese as contías do imposto sobre o valor engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de información inmediata.

Segundo: Instar ao Goberno de España para que proceda á convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

Terceiro: Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia

5.6.-Moción presentada polo PSdeG-PSOE referente á política do Goberno galego en relación aos servizo de pediatría.

Toma a palabra D^a. Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE) quen afirma que en varios concellos da comarca están a ter problemas co servizo de pediatría polo que de ahí a urxencia desta moción.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: dúas (2 de OR), aproba a urxencia da moción.

PLENO

Seguidamente D^a. Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE) da lectura á moción presentada:

“Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu, de forma clara, a decisión de conentrar os servios de pediatria en atención primaria entorno ás vilas e pooboacións mais poboadas das comarcas da nosa provincia.

Esta decisión ten que ver coa necesidade, cada vez mais recorrente, de resolver o problema derivado das vacacións e baixas dos e das profesionais qu prestan o servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatria para cubrir estas ausencias.

Noutros centros, a ausencia de pediatria cóbrese con médicos de medicina familiar. Esta probalemática soe estar, fundamentalmente, concentrada no rural, sendo un exemplo mais de:

-Manifesta falta de compromiso do goberno galego hacia o rural da nosa provincia.

-Posta en práctica dunha clara intención de concentración da poboación en vilas e cidades.

-Irresponsabilidade como goberno de afrontar, de xeito serio e real, o grave problema demográfico que estamos a vivir na nosa provincia, ao igual que no conxunto de Galicia.

O peor desta situación é que a Xunta de Galicia non é quen de garantir que a agrupación de profesionais ou a agrupación de varios concellos nun único Centro de Atención Pediátrica sexa unha desción temporal, senón mais ben ao contrario, o que acentúa a preocupación de pais e nais que cada vez dubidan mais da continuidade do servizo de pediatria en primaria nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatria.

Existen diversos problemas que recrudecen o problema de ausencia de profesionais de pediatria:

-Unha nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos un aumento notorio de prazas de MIR previa.

-Deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais.

-Ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non so eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na parede de calidade do servizo, de aí a agrupación de pediatras en torno dos centros de saúde que funcionan como puntos de referencia comarcais.

É urxente considerar o servizo de pediatria coa importancia que

PLENO

merece e facer un plnatexamento común que resolva o problema actual e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo mio demandado, valorado e necesario para a cidadanía.

É o caso na nosa Comarca dos Concellos de Trazo, Tordoia, Vedra, Boqueixón, Rois, Dodro, Val do Dubra, O Pino, Touro, que teñen que desprazar as súas pequenas e pequenos a Centros de Saúde situados a importantes distancias do Concello, ou do contrario ser atendido polo médico de familia sen experiencia nin formación pediátrica de ningún tipo.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

Dotar da maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría, traballadores do Sistema galego de saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por movitos de condicións laborais.

- 1.-Retrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.
- 2.-Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o mais axil posible do problema de ausencia de persoal para o servizo.
- 3.-Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.
- 4.-Continuar coa implementación de enfermaría pediátrica, xa que a pesar da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.”

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que ao fio deste tema o 12 de xullo nos vimos coa responsable do EOSI de Santiago quen nos falou da posibilidade de flexibilizar os horarios, e o 6 de setembro nos reunimos cos representantes do centro de saúde de Oroso quen nos faloron da necesidade dun quinto facultativo pero sen embargo nos dixeron que en pediatría as necesidades estaban cubertas cos dous que tiñan. Isto é falar de Oroso e por Oroso.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que esta moción xa foi presentada noutros concellos, pero ao Concello de Oroso non lle afecta moito, tendo actualmente unhas boas instalacións e dous pediatras que cubren bastante ben o servizo. Fálase na moción doutros concellos coma se non tiveran pediatra e si que o teñen o que pasa é que no vai todos os días. Se di igualmente que se non está o pediatra o teñen que atender o médico de familia, como facendo de menos aos

PLENO

médicos de familia, cousa que non entendemos. Algunha das cousas que pide a moción xa existen. É certo que hai concellos que teñen falta de pediatras, por exemplo en O Pino hai unha pediatra que colle moitas baixas.

Continua sinalando que o seu grupo presentou unha enmenda a esta moción que consideramos que se debería ter en conta e que di:

1.-Instar á Xunta de Galicia a manter o compromiso pola estabilización do persoal da sanidade pública a través das convocatorias de ofertas públicas de emprego nomeadamente para as categorías do primeiro nivel asistencial, como pediatras de atención primaria e médicos de familia; así como seguir dotando de prazas a categorías de enfermería especialista en pediatría, e a de enfermería familiar e comunitaria.

2.-Instar ao goberno de España a que promova, en colaboración coas Comunidades Autónomas, todas as medidas que sexan necesarias para solucionar o déficit de especialistas no Sistema Nacional de Saúde.

Continua sinalando que Galicia ten unha cobertura pediátrica que se acerca ao 90% mentres que Madrid por exemplo está no 75% e Baleares no 50%. Unha pediatra cercana a min tiña a praza en Celanova e decidiu traballar en Portugal porque lle pagaban moito mellor, e outra coñecida levaba Mañón, Cedeira e Ortigueira e atendía de media a 2, 3 nenos e cando ía a Ortigueira 9 ou 10 nenos ao día polo que decidiu cambiar de Comunidade Autónoma para ter mais traballo.

Toma a palabra D^a. Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE) quen afirma que ela non puxo en dúbida a profesionalidade de ningún médico. É certo que na actualidade non pasa neste Concello, pero si pasou cando unha das pediatras estivo de baixa e a outra pediu a excedencia, e se volve a pasar unha cousa así pola oposición se criticará que polo goberno non se fixo nada. Temos que evitar a fuga de profesionais porque as condicións son pésimas.

O Sr. Alcalde afirma que a figura da enmenda transaccional non está prevista e non se vai a ter en conta. Finalmente somete a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE; 1 do BNG).

Votos en contra: catro (4 do PP).

Abstencións: dúas (2 de OR) adopta o seguinte acordo:

Dotar da maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría,

PLENO

traballadores do Sistema galego de saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por movitos de condicións laborais.

- 1.-Retrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.
- 2.-Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o mais axil posible do problema de ausencia de persoal para o servizo.
- 3.-Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.
- 4.-Continuar coa implementación de enfermaría pediátrica, xa que a pesar da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.”

5.7.-Moción conxunta presentada polo PSdeG-PSOE e polo BNG referente ao financiamento dos servizos de axuda no fogar.

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que cree que é importante que se trate esta moción pola diferenza de prezos que se pagan.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP, 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) da lectura á moción:

“Os concellos somos a administración mais próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Pero estamos a asumir, cada vez mais, competencias impropias, que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente e/ou correspondente financiamento co que facerlles fronte.

A axuda no fogar é unha desas competencias im`propias xa que corresponde ás administracións autonómica e estatal pero que, cada vez de xeito mais preocupante, está a supoñer unha carga financeira, ás veces xa inasumible, para os orzamentos locais.

A Xunta de Galicia aporta dende o ano 2008 9,70 euros/hora (como máximo) sen levar a cabo ningunha actualización, quedando estancado

PLENO

o prezo/hora. Outras administracións como a Deputación da Coruña, aportan, dende o ano 2018, 12 euros/hora: un prezo mais acorde co custe total do servizo.

O que está a suceder neste momento é que os concellos nos vemos na obriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo. Estas novas licitacións, ás que agora temos que facer fronte desde os concellos, contemplan actualizacións de prezos que van desde os 16 euros/hora ata os case 23 euros/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos, os salarios incrementáronse e os convenios colectivos modificáronse.

Dito incremento de prezo/hora redunda, en grande medida en:

Unha xusta mellora nas precarias condicións contractuais que a día de hoxe sofren as traballadoras (na súa inmesa maioría) e os traballadores deste servizo.

Unha mellora das prestacións ás persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores e dependentes).

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta:

1.-Á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación da Coruña.

2.-Á Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a traves da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acordo coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.”

Finaliza D^a. Isabel Fernández Gallego, sinalnado que no noso caso temos o prezo/hora en 15, 70 euros e a Xunta non nos financia tanto como si o fai a Deputación.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que isto non se ten que consensuar pero sen embargo solicitar un centro de día si se ten que consensuar. En setembro, se aprobaron uns pregos por unanimidade e agora se trae esta moción polo que non entendemos moi ben que pasa.

D. Alexande Doval Expósito (PP) afirma que todos estamos dacordo en que a axuda no fogar é un servizo básico, chámame a atención que se diega que as traballadoras teñen salarios precarios.

Interrompe D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) para indicar que neste Concello non.

PLENO

Continúa sinalando D. Alexander Doval Expósito (PP) que a Xunta de Galicia aporta mais millóns que a Deputación e que ten que lembrar que o Concello de Oroso decidiu sairse da Mancomunidade para a prestación deste servizo, e deixar de prestalo con outros concellos da comarca. Saenos mais caro prestar o servizo en solitario pero iso foi o que decidiu o Concello de Oroso e o grupo de goberno. Respecto do financiamento, é certo que os recursos son limitados pero en todo caso a lei de dependencia dicía que tal financiamento sería ao 50% entre o Estado e as Comunidades Autónomas e sen embargo isto nunca se cumpriu, xa que a Xunta financia o 75%.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) que afirma que entende que o Sr. Doval pretenda desviar o asunto falando da saída da Mancomunidade pero aquí o que estamos a falar e que a Deputación aporta 12 euros/horas e sen embargo a Xunta de Galicia so 9,70. Os concursos cada vez saen mais caros para os Concellos. Por exemplo o Concello de Touro que pretende mellor un pouco a retribución das traballadoras lle sae en 120.000 euros mais.

Intervén D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que na súa intervención falou de instar tanto á Xunta de Galicia coma ao Goberno do Estado.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que non intenta desviar o tema, se non que está relacionado. A competencia é propia dos concellos. Afirma que non escoutou á representante do BNG que propuxera a prestación directa do servizo e non unha contratación externa.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que o ideal sería a prestación directa, pero sabe moi ben o Sr. Doval que neste intre resulta imposible tal prestación debido ás limitacións de contratación de persoal que temos os concellos. A empresa contratada o está a facer ben.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que se ten que dar a razón no feito de que a empresa actual está a facer un bo servizo.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que é un defensor da prestación directa dos servizos, oxalá non so iste se non outros como o de xardinería se puideran prestar de xeito directo. En todo caso fumos un dos primeiros concellos que licitaron este contrato esixindo que as traballadoras e traballadores cobrase conforme ao convenio colectivo

PLENO

correspondente.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que o Sr. Doval afirma que uníndose a outros concellos sairía mais barato, pero tería que dicir como é por qué. A realidade é que a xunta so da 9,70 e o custo do servizo é de case 16. Di que nos sae mais caro, pero é porque as traballadoras lles tiñan que pagar segundo o convenio e sen embargo estaban exclavizadas cobrando unha miseria. Se nos unimos a outro concello e a empresa pon a sede en Sigüeiro ou en Trazo as traballadoras se teñen que desprazar e tales desprazamentos se teñen que cobrar. Afirma que o Sr. Doval se ten que dar conta da demagoxa que está a facer con este tema.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: seis (4 do PP e 2 de OR) adopta o seguinte acordo:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias sufiientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación da Coruña.
- 2.-Instar á Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a traves da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acordo coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.”

5.8.-Moción presentada polo PSdeG-PSOE e polo BNG relativa ao coidado dos rios e das pontes do noso Concello.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que esta moción é clara solicitamos que se limpen mellor os rios que teñen unha limpeza moi deficitaria.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción

PLENO

presentada.

A continuación D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) procede a dar lectura á moción presentada:

“Segundo os datos publicados pola entidade pública empresarial Augas de Galicia, neste ano só se realizaron 20 actuacións de limpeza en 36 tramos interurbanos de ríos e regatos, a meirande parte deles en tramos

Unha porcentaxe ridícula, que non chega nin a un 0,1 % tendo en conta que temos uns 15.000 km de rede fluvial.

O único paso realmente significativo dado pola Xunta esta ano foi “desfacerse” de 300 km de rede fluvial alegando que se trata de tramos urbanos, trasferindo as competencias aos concellos a través dunha simple instrución publicada no Diario Oficial de Galicia. E, por suposto, como é norma da casa, sen dotar aos concellos dun só euro, a pesar de que son plenamente sabedores, que no municipalismo galego hai moitos concellos que carecen dos recursos necesarios para asumir tal encomenda.

Os concellos temos que limpar as franxas forestais, limpar os ríos, asumir o sanamento, axudar no fogar aos dependentes, os concellos teñen que asumir copagamentos polas garderías e os centros de día..., cabe preguntarse para que queremos os galegos e galagas a Xunta de Galicia.

Galicia é o país dos mil ríos, Oroso é o concello dos seis ríos, a política autonómica en materia de prevención de inundacións e de cuidado pódese resumir coa famosa frase “se chove que chova”.

Uxe uxe tanto unha política de cuidado dos nosos ríos e un plan estratéxico para a mellora do cuidado das franxas e limpeza do noso entorno. Polo anteriormente exposto, esta corporación insta ó goberno galego a:

1.-Esiximos que Augas de Galicia elabore e publique con suficiente antelación unha programación transparente coas actuacións de limpeza fluvial que se vaian a acometer ao longo do ano.

2.-Que esta planificación inclúa un prazo de alegacións e/ou suxestións para os concellos e colectivos ambientalistas.

3.-Recalamamos que se redobren os esforzos preventivos nos leitos fluviais e que se estableza unha liña de axudas para que os concellos poidamos acometer a limpeza dos tramos que nos transferiron “dun plumazo”.

PLENO

4.-Reclamamos a Augas de Galicia que se ocupe da xestión e limpeza dos ríos do noso concello, sin cargar con costes extraordinarios, xa que precisamente a Xunta de Galicia recada mais de 50 millóns de euros ao ano co canon e case 100.000 euros no noso concello e dende a implantación do “canon” non se fixo ningunha actuación no Concello de Oroso.

Seguidamente toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que ademais de ser Galicia o país dos 1.000 ríos se non que temén poderíamos dicir aquí adeus ríos, adeus fontes...no Concello de Negreira fixo por exemplo o Arquitecto un informe sobre este tema. O Concello ten autorización para limpar o refuxo. Oroso Renovable lle propuxo a Augas de Galicia que o Camiño Inglés puidera entrar por unha senda fluvial e tamén lle consultamos a posibilidade de que en determinadas datas se puideran vender troitas collidas no río.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen sinala que a moción di que se pretende librar a Xunta de 300 km de tramos urbanos, pero iso non é porque sí, se non porque existe unha sentenza do Tribunal Supremos que o dí. Son 300 km urbanos pero existen 14.700 que non o son e se podería dicir que é imposible a limpeza de todos. Hoxe mesmo a Xunta de Galicia sacou un Decreto en relación a isto, as obras menores nos cauces dos ríos se poderán facer sen necesidade de autorización de Augas de Galicia, simplemente cunha comunicación previa.

Permítese a retirada de árbores mortas e de elementos arrastrados polo río. Para a colocación de pastores eléctricos ou para pintar ou revestir vivendas non será necesario a previa autorización de Augas de Galicia. Considera que isto é un avance importante para poder ser mais áxiles.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que en relación á intervención do Sr. Pulleiro, esta moción fala da limpeza dos ríos e non do Camiño Inglés, polo que lle pediría que non mezclara as cousas. No seu día o Concello fixo alegacións ao trazado pero agora non estamos a falar do Camiño Inglés. En canto á intervención do Sr. Doval é unha boa noticia estas medidas e estaría ben que axilizaran os permisos. Pero ese tipo de medidas terían que vir acompañadas de recursos. Se falou neste Pleno de como estaban as pontes de Arderiz ou Carollo e iso o ten que limpar Augas de Galicia, e ista recadou 100.000 euros en Oroso do canon da auga. Así esta a pasar tamén do fondo de cooperación local que a Xunta de Galicia está a sacar cartos del para a loita contra a vespa velutina, e para mais

PLENO

cousas. Pasa o mesmo coa sentenza do Tribunal Supremo que ao final a Xunta de Galicia nos quitan recursos.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que ten feito moitos kilómetros polos ríos do Concello e que o goberno debería contar que pasou coa illa do refuxo que antes era do Concello e agora non o é. Os veciños deste pobo teñen unha importante carga fiscal que non se debería ir a pagar publicidade ou soldos dos concelleiros. Están a rehabilitar e a limpar a ponte do río Tambre, por qué non aproveitamos para limpar as marxes?.

D. Alexander Doval Expósito (PP) reitera que a sentenza do Tribunal Supremo di que é titularidade dos concellos os tramos urbanos dos ríos. Cree que é unha boa nova o tema das comunicacións previas e as autorizacións de Augas de Galicia. En canto á ponte de Arderiz cando falou este grupo falou da ampliación e non da limpeza. En canto á financiación está dacordo en que é necesario unha revisión total da financiación dos concellos e das Comunidades Autónomas.

Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que a falla de limpeza nos leva a que pasen situacións como a que está a pasar en Trazo no que se esta a arranxar unha ponte que precisamente estropeouse pola falla de limpeza.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que é habitual que discrepe co Sr. Doval e co Sr. Pulleiro pero hoxe vai a discrepar con Antonio Leira xa que non é unha boa noticia o Decreto de Augas de Galicia xa que nos volven a pasar competencias sen pasarnos financiación. Temos por outro lado ao Sr. Pulleiro que cada vez que cortamos unha árbore no Carboeiro temos perigo de denuncia e por outra parte me gustaría que o Sr. Pulleiro me dixera onde está a documentación que di que a illa do refuxo foi do Concello.

Considera que oír falar ao Sr. Doval e o Sr. Pulleiro é como oír a persoas de países distintos, o Sr. Pulleiro di que ten autorización para limpar os ríos e vostede non é ninguén para ter autorización de Augas de Galicia. Di o Sr. Doval que é imposible limpar todos os ríos pero a Xunta de Galicia recadou en Oroso co canon 600.000 euros e non invertiu nada. En canto ao Sr. Pulleiro ao mellor o problema é que queredes ter un plan de pensións de 150.000 euros.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen di que non o quere e que non é titular de ningún negocio.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a

PLENO

votación e o Pleno por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: seis (4 do PP e 2 de OR) adopta o seguinte acordo:

1.-Esiximos que Augas de Galicia elabore e publique con suficiente antelación unha programación transparente coas actuacións de limpeza fluvial que se vaian a acometer ao longo do ano.

2.-Que esta planificación inclúa un prazo de alegacións e/ou suxestións para os concellos e colectivos ambientalistas.

3.-Recalamamos que se redobren os esforzos preventivos nos leitos fluviais e que se estableza unha liña de axudas para que os concellos poidamos acometer a limpeza dos tramos que nos transferiron “dun plumazo”.

4.-Reclamamos a Augas de Galicia que se ocupe da xestión e limpeza dos ríos do noso concello, sin cargar con costes extraordinarios, xa que precisamente a Xunta de Galicia recada mais de 50 millóns de euros ao ano co canon e case 100.000 euros no noso concello e dende a implantación do “canon” non se fixo ningunha actuación no Concello de Oroso.

5.9.-Moción presentada polo grupo municipal do PP relativa a solicitar unhas bases mais xustas para as subvencións das entidades cidadáns.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que se trata de que se revisen os criterios de concesión das subvencións porque non lle parecen xustos.

Neste intre deixa o salón de plenos D^a.Isabel Fernández Gallego (BNG).

O Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: dez (6 do PSdeG-PSOE e 4 do PP).

Votos en contra: ningún (0 Votos).

Abstencións: tres (2 de OR e 1 do BNG por non estar presente) aproba a urxencia da moción.

PLENO

Reíncorpórase á sesión D^a. Isabel Fernández Gallego.

D. Alexander Doval Expósito (PP) da lectura á moción que di:

“O Concello de Oroso dende fai algúns anos dispón dunha liña de subvencións destinadas a distintos tipos de asociacións e colectivos que teñaqn a súa actividade no noso municipio.

Estas axudas enmárcanse en dúas áreas, por un lado a de deportes e por outro a de participación cidadán.

Centrándonos primeiro nestas últimas, se engloban en asociacións de veciños, a de comerciantes, culturais, ANPAS e folclóricas. Todas elas recibiron un total de 15.000 euros fronte aos 36.500 euros da área de deportes.

Consideramos que se o deporte é importante as entidades enmarcadas dentro da denominada participación cidadá non o é menos.

Dentro da área de deportes existe unha gran diferenza entre o clube que mais percibe e o que menos, de 30.000 euros a 1.500 euros.

Ao noso entender consideramos que no ámbito das axudas destinadas á área de participación cidadá debe:

1.- Aumentar a partida destinada a estas organizacións nos orzamentos do 2020.

2.-Facer varias categorías dentro deswta partida: AAVV, Culturais, ANPAS...

Dentro das axudas no ámbito de deporte consideramos que:

1.-Facer dúas categorías, atendendo a se son clubs/entidades federados ou non.

2.-No caso de ser actividades non federadas e que non compitan de maneira oficial, entendemos que sería preciso que, como mínimo cubran os gastos necesarios para realizar a actividade (monitor e material).

3.-No caso de deportes federados que compitan as bases a incluír deberían ser as seguintes:

3.1.-Nivel das competicións oficiais no que participa (local/provincial/autonómico/nacional/internacional).

3.2.-Número de equipos e/ou de licenzas en vigor certificados pola federación correspondente.

3.3.-Número de xornadas de competición na tempada, xustificando con calendario oficial de competicións certificado pola federación correspondente.

En todos os casos listaxe de puntuacións obtidas por cada entidade en

PLENO

función dos criterios de valoración deberán ser publicados e outorgar un período de alegación para que as entidades poidan achegar o que consideren no caso de non estar dacordo.

En base a todo o anterior e sendo conscientes e unha vez analizadas as bases da convocatoria e a resolución das mesmas o Grupo Municipal do Partido Popular solicitados que se adopte o seguinte ACORDO:

- 1.-Modificación das bases da convocatoria de axudas de maneira que sexan mais xustas, (con criterios similares aos anteriormente mencionados, e os que utiliza a Deputación ou a Xunta de Galicia) e transparentes (publicar a listaxe de valoración e outorgar un período de alegacións.)
- 2.-Aumento da partida destinada a entidades de participación cidadá no orzaento 2020.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen quere aclara que as bases das subvencións deste Concello son totaqlmente transparentes e se fan mais flexibles que as da Xunta ou as da Deputación para que poidan participar mais asociacións.

Todas poden interpoñer recurso polo que non sei por qué a moción fai referencia a que non poden presentar alegacións. Igualmente tampouco é correcta a cifra que di para as entidades deportivas. En todo caso considera que se ten que ver a singularidade das asociacións. Igualmente fala de subvencionar a entidades non federadas, dende o noso criterio consideramos que non se debe subvencionar todo. Afirmo que se reúne moito cos clubes e asocacións e ninguén se queixou das subvencións, está claro que todos queren mais sempre, pero ninguén se queixou.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que el non dixo que non tiveran período de alegacións, pero este período de alegacións é posterior á baremación das entidades e o que pedimos é que sexa antes. Está claro que todos sempre queren mais, pero en todo caso o que reclamamos é que se están a crear categorías moi amplas onde están dentro asociacións que non teñen nada que ver as unhas coas outras. Non se trata de facer unha crítica exacerbada, se non un intento de que se mellore.

Intervén D. Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE) quen afirma que ten bastante experiencia neste ámbito e que cando se fan este tipo de propostas como que ás asociacións non federadas se lles pague todo... non sei o que pensarán as que si están federadas. As bases e a puntuación é moi clara, vai en función da importancia, dos

PLENO

desprazamentos, do número de fichas etc...

Toma a palabra o Sr. Interventor quen advirte que non é posible adoptar este acordo sen que se modificasen as bases de execución do orzamento e iso necesitaría dun procedemento que se ten que seguir así que propón que se retire a moción ou se deixe enriba da mesa.

O Sr. Alcalde somete a votación que a mesma se deixe enriba da mesa e o Pleno por:

Votos favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) acórdase deixar sobre a mesa a presente moción.

6.-Rogos e Preguntas.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen dirixíndose ao Sr. Alcalde rógalle que non utilice os apelidos da súa familia e que se dirixa a el como Sr. Concelleiro ou José Manuel.

O Sr. Alcalde responde que él é o Sr. Puelleiro e así o vai a chamar.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que o Sr. Alcalde é un maleducado, e que un día lle dixo que mentres fora Alcalde...e iso o dixo no ano 2015 e por iso decidiu presentarse a concelleiro por Oroso Renovable e meterse en política.

Afirma que o Sr. Alcalde responde cun parágrafo as solicitudes que se lle presentan e a única que está respostada con certo tino está asinada por Vanesa e non polo Alcalde.

Seguidamente quere saber como se atopan os orzamentos municipais ue xa deberían estar aprobados. Igualmente pregunta que pasa coas obras do auditorio. Pregunta tamén que si o Sr. Alcalde non contesta ás mocións se algún día vai a recibir aos concelleiros de Oroso Renovable no seu despacho para unha reunión.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que antes de que se constituíse a corporación lle convoquei e vostede andaba de pantalón corto e dixo que tiña traballo e non apareceu.

En canto aos orzamentos queremos ter a liquidación do 2019 feita e saber a liña que vai ir o Estado. Por exemplo xa sabemos a subida do salario dos traballadores. En canto as obras do auditorio está parada polo incumprimento do contratista, que tiña que ter rematado as obras

PLENO

en novembro e que cando se acercaba o día de cumprimento do prazo, comezou a poñer pegas e dicir que o proxecto non cumpría a normativa, polo que agora estamos en trámites para a resolución do contrato.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que quere presentar como rogos a moción da plusvalía e a moción dos criterios das axudas para que sexan tidas en conta polo goberno municipal.

Solicita que se arranxen dúas pistas en Cardama que están en mala situación.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que están xa nun proxecto de obras que se executará nos próximos meses.

Continúa sinalando D. Alexander Doval Expósito (PP) que o horario da cabalgata de reis ás seis da tarde parécelle un pouco tarde, xa caía a noite e polo tanto solicitamos que para próximas edicións a ver se pode ser un pouco mais cedo.

A pista que vai desde a Costa a Foxaco, en Santa Cruz a parte do concello de Oroso está tamén en mal estado. E na marxe do río hai unha escombreira que case non se ve. En Pasarelos hai unha sinal de animais soltos que está tapada pola maleza e apenas se ve e en Pasarelos de abaixo non hai sinal e tamén hai animais.

Volve a haber cortes de luz en diversos lugares, no Nadal houbo de novo apagóns en diversos sitios como o polígono industrial, a Grabanxa...entendo que se existe unha empresa contratada para o mantemento se terá que chamar. Pregunta cando estima o Sr. Alcalde que estarán rematadas as obras do auditorio. Sinala que o IGVS realizou unha convocatoria de subvencións data o 90% para rehabilitar vivendas de mestres que sería bo solícitala para as antigas vivendas de Bran ou Marzoa.

Finalmente considera que o que fixo o Sr. Alcalde cos voceiros da oposición neste pleno é reprobable e que aínda está a tempo de rectificar.

O Sr. Alcalde resposta que se cambiou a empresa de mantemento de luz e aínda se está asentando e confiamos que a cousa mellore nos próximos meses. En canto ao prazo para rematar as obras do auditorio afirma que non pode dar un prazo, agora se ten que remitir ao Consello Consultivo para que informe e posteriormente resolverase o contrato, a continuación se ten que licitar un novo contrato e rematar as obras. En canto ao tema da subvención das escolas o estamos a valorar e en canto ao tema do respecto afirma ser respectuoso con que

PLENO

o é, pero que non sabe se ao Sr. Doval lle parece normal que o voceiro de Oroso Renovable fale do meu patrimonio.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que lle parece igualmente fora de lugar, pero afirma que el non se meteu co Sr. Alcalde e este si se meteu coa súa familia.

O Sr. Alcalde responde que a súa familia veu ao pleno de constitución a montala, a continuación cédelle a palabra a D. Luís Rey Villaverde quen afirma que está farto de que D. José Manuel Mirás Pulleiro veña aos plenos a insuñar que rouban porque el ven a traballar moi duramente e que o poden botar cada catro anos, e mañá el tamén pode pedir á Xunta de Galicia que lle baixe o soldo a D. José Manuel Mirá Pulleiro

O Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 22:22 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario dou fe. Asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde e polo Secretario do Concello.